

TEATRO
MUSICAS

TEN A BEN PRESENTAR:

UNHA OBRA DE:

NIKOLÁI
GÓGOL

INSPECTOR

VERSIÓN E DIRECCIÓN

TITO
ASOREY



Entidade subvencionada por:



Premio Max Alencastro 2013
**PREMIOS
max**
DE LAS ARTES ESCÉNICAS

O Grupo de Teatro Muxicas

O grupo de teatro Muxicas é un colectivo artístico formado na súa maioría por actrices e actores invidentes ou cun problema visual grave. Impulsado pola delegación da ONCE en Ourense, leva case vinte anos facendo posible que persoas con estas características poidan achegarse con profesionalidade, rigor e compromiso artístico a un mundo, paradóxicamente tan visual, como é o da Arte Dramática.

Dende o ano 2007 a dirección do grupo recae en Tito Asorey, recoñecido profesional do teatro ourensán, actor e director de escena, co que levan postos en escena nove espectáculos que puideron ser vistos en escenarios de todo o país, entre eles o célebre Teatro Arriaga de Donosti. O grupo foi galardoado no ano 2012 co Premio Max á mellor labor en prol do teatro afeccionado.

O obxectivo desta agrupación artística é dupla: por un lado, loitar pola inclusión deste colectivo no eido escénico, eliminando os prexuízos e os falsos mitos con respecto ao mundo da cegueira, e por outro, perseguir claramente un obxectivo artístico, traballando arreo para ofrecer espectáculos que poidan ser disfrutados por todo tipo de público, tanto vidente como invidente.



ESPECTÁCULOS ESTREADOS POR TEATRO MUXICAS

2018 *O Inspector*, de Nikolai gogol. Dirixida por Tito Asorey

2016 *Arsénico por compaixón*, de Joseph Kesselring. Dirixida por Tito Asorey

2014 *A visita da vella dama / La visita de la vieja dama* de Friedrich Dürrenmatt.
Dirixida por Melania Cruz

2012 *A voda dos pequenos burgueses / La boda de los pequeños burgueses*, de B. Brecht. Dirixida por Tito Asorey

2011 *Historia dunha banca privada*, de Friedrich Dürrenmatt. Dirixida por Tito Asorey

2010 *Baby Boom no Paraíso /Baby Boom en el Paraíso*, de Ana Istarú. Dirixida por Tito Asorey

2009 *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela. Dirixida por Tito Asorey

2008 *La zapatera prodigiosa*, de Federico García Lorca. Dirixida por Tito Asorey

2007 *La boda*, de Anton Chéjov. Dirixida por Tito Asorey

2005 *Maaktub*, de Paulo Coelho. Dirixida por Mónica Sueiro

2001 *Círculo vicioso*, de Antonio Martínez Ballesteros. Dirixida por Matilde Vázquez

2000 *Paco Pixiñas*, de Celso Emilio Ferreiro. Dirixida por Sabela Gago

1999 *Pic-Nic*, de Fernando Arrabal. Dirixida por Sabela Gago

1998 *El mundo de los sentimientos*. Creación colectica. Dirixida por Sabela Gago



Sinopse de “O Inspector”

A unha localidade gobernada por uns políticos corruptos ata a medula chega a nova de que na cidade apareceu un inspector do goberno para realizar unha auditoría sobre as contas públicas e elaborar un estudio sobre a limpeza das prácticas políticas dos seus dirixentes. Ante esta situación, os gobernantes entran en pánico, procedendo á destrucción de todas as probas que os poidan comprometer. Comezará así unha espiral descendente de sumisión cara ese inspector, ofrecéndolle todo tipo de agasallos e subornos, chegando a límites insospeitados de tolemia e indignidade.



O Inspector é unha comedia de ritmo frenético, onde dez actores, na súa maioría invidentes ou con problemas visuais graves dan vida nas táboas ao clásico texto de Nikolai Gogol, versionado e dirixido para esta ocasión por Tito Asorey.

O EQUIPO

“O Inspector” está interpretado polo elenco de Teatro Muxicas, que se rodearon dun equipo de profesionais cunha ampla traxectoria no teatro profesional galego: a **escenografía** está deseñada e realizada por José Faro “Coti”, que ven de gañar este ano o Premio María Casares á mellor Escenografía por “Resaca” de ilMaquinario Teatro. O **vestiario** está deseñado pola artista ourensana Sandra Varela (último Premio do Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense) e Carlos Alonso (Premiado en sete ocasións co Premio María Casares). O **deseño gráfico** é obra de José Lameiras, a **axudantía de dirección** está realizada por Melania Cruz (Premio Mestre Mateo á mellor actriz protagonista, Premio María Casares á Mellor Actriz Protagonista), e a **versión, iluminación e dirección** recae en Tito Asorey (Premiado con cinco premios María Casares, actor en *Serramoura* e *Fariña*). Todo este equipo traballou conxuntamente para crear un espectáculo dinámico, comprometido e que de seguro fará as delicias do público asistente.



ELENCO (por orde de intervención)

Teresa Rodríguez: Alcalde

Severino Pérez: Concelleiro de Xustiza

Alejandro Losada: Concelleiro de Sanidade, Mozo do hotel Francisco Gómez: Concelleiro de Educación

Luis Pequeño: Xefe de correos, Hugo

Iago López: Norberto, Sindicalista

Ricardo Rodríguez: Roberto

María del Carmen Fernández: Ana

Eva Herbella: María

Aída Saiz: Iván

Escenografía: José Faro “Coti”

Deseño de vestiario: Sandra Varela, Yaiza Pinillos

Realización de vestiario: Carlos Alonso

Iluminación: Tito Asorey

Espazo Sonoro: Tito Asorey

Deseño gráfico: José Lameiras

Fotografía: Lucía Estévez

Axudante de dirección: Melania Cruz

Versión e dirección: Tito Asorey

Unha produción de Teatro Muxicas, subvencionado pola ONCE

(Este espectáculo está suxeito a pago de dereitos de autor, pero por desexo do versionador da peza orixinal, estes redúcense a un pago simbólico de 10 euros por representación)



CONTACTO PARA A CONTRATACIÓN DO ESPECTÁCULO:

Teléfono: 639844226

Correo electrónico: titoasorey@gmail.com

Vídeo completo do espectáculo no seguinte enlace: <https://vimeo.com/277763864>